

Rastrexando o #Punctum

Cando o filósofo francés Roland Barthes publica en 1980 a seu derradeiro libro *La cámara lúcida*, introduce os conceptos de studium e punctum como as partes ambivalentes e necesarias dunha fotografía que, partindo do suxeito receptor, fan dela unha peza interesante para ese público determinado.

Dun xeito pouco disimulado Barthes leva a cabo no seu texto unha dobre pirueta: por unha banda describe o momento exacto no que unha imaxe deixa de ser testemuña para converterse en arte. É por outra, sitúa ao espectador como peaxe inevitable a hora de perfeccionar o xesto artístico mediante a súa emoción, a traveso do punctum.

Esta idea descríbese en *La cámara lúcida* como ese algo que “sale de la escena como una flecha y viene a punzarme [...] punctum es también: pinchazo, un agujero, una pequeña mancha, un pequeño corte y también casualidad. [...] es ese azar que me despunta (pero que también me hiere, me punza)”. Polo tanto non existe arte sen punctum, sendo ambos conceptos continxentes, facendo do parcial e do subxectivo a chave dun todo. É este un proceso aterrador por descentralizado, e delicioso por inesperado.

A banda deseñada é arte, e polo tanto nela conviven studium e punctum. É un medio artístico que desde o seu nacemento, a finais do século XIX, soubo evolucionar xunto coa súa propia contemporaneidade rematando por ser unha das formas artísticas máis representativas e horizontais da cultura universal do noso tempo. Galicia non é unha excepción e desde a segunda metade do século pasado a banda deseñada toma protagonismo, sendo quen de transformarse, no século XXI, na máis reivindicativa, experimental e democrática das nosas artes.

Sendo este o punto de partida, *#Punctum, beliscos de bd na arte contemporánea galega* é un proxecto expositivo que abraza ese concepto de Barthes, coa intención de facer conectar ao público coa calidade do traballo de seis das máis talentosas artistas de banda deseñada e *fanzine* da Galicia de hoxe, achegando a riqueza e heteroxeneidade dunhas propostas que abordan temas, códigos e desafíos estéticos vixentes no noso acervo.

O discurso expositivo parte dunha premisa ben sinxela: a bd é arte, e na Galicia actual gozamos de artistas recoñecidas con traballos e plásticas sobresaíntes que merecen tomar os espazos das institucións, acadando deste xeito unha validación que a sociedade xa lle outorga dende fai tempo fora das paredes dos museos.

A exposición estruturase ao redor de seis espazos configurados como pequenas mostras individuais, nos que os traballos de Maru Astray, Julia Lago, Bea Lema, Uxía Larrosa, Xulia Pisón e Pepa Prieto Puy toman un protagonismo absoluto fronte ao espectador, sen medo a que cadanseu discurso sexa mancado por elementos endóxeos ao mesmo.

As súas narrativas, os seus procesos e estéticas difiren. O que busco ao subliñar estas disparidades é empurrar ao visitante a explorar nos traballos de cada artista na procura dese punctum. Quizá o atopen na honestidade da liña de Xulia Pisón, o carácter optimista das grafías de Julia Lago, o animismo irónico de Pepa Prieto Puy, unha puntada delicada nos bordados de Bea Lema, a deriva conceptual dos traballos de Uxía Larrosa ou o impulso transgresor de Maru Astray. Ou quizá non o atopen.

É aquí onde radica a natureza final da mostra, na potencialidade privilexiada do público para rematar a arte destas autoras mediante o descubrimento e a emoción propia. Unha ferida ou punzada resultante do xesto da artista, e que muda gracias a mirada dun espectador activo que sinte, que goza, que pensa e reflexiona. Que experimenta o punctum.

Íñigo Rodríguez Román.

Para máis información en relación con *#Punctum, beliscos de bd na arte contemporánea galega* preme aquí:

